REPSOL YPF

XIV. CONCURSO DE CUENTOS

REPSOL - YPF

Segundo Premio en Versión Gallega

Título: "CAMPOSANTO DE LIBERDADES"

Autor: XAVIER GIL JARDÓN.

Centro: I.E.S. LAGOA DE ANTELA.

XINZO DE LIMIA (OURENSE)

AÑO 2.001

Autor: *Dióxenes*

CAMPOSANTO DE LIBERDADES

A tarde pasaba sen deixar ningún recordo o suficientemente importante como para molestarse en rememoralo. Aquel fora un caloroso día de verán típico na chaira. O aire seco e poeirento aniñara facía un pouco no seu nariz de pardal, provocándolle continuadas reaccións alérxicas que remataron cunha leve dor de cabeza. Resultáballe atractivo e de grande beleza contempla-lo cercano horizonte, observar, acobillado baixo a sombra da vella nogueira,o continuo devalar da canícula polos montes do fondo.Era máxico. Dende alí, encaramado nas infantís ilusións que un día esquecera, semellaba o dono de todo canto vía, coma se con só estender unha man puidera manexar ó seu antollo o que a natureza debuxara naquela veiga, fértil chaira tinguida de cores infindas, térreas e vexetais,brillantes,máxicas. De novo esa palabra. E *maxia* precisamente era o que estaba a esboza-lo seu avó con áxiles movementos.

-¿Ves esta pedra?

E logo dun habilidoso xogo de mans...

-¡Tachaaaán!Xa non a ves.

-¡Ostrás!,¿onde está?

-Na túa imaxinación...

Despois silencio.Sepulcral antisón que enchía de doces e calorosas cores os seus oídos.Sós el e mailo avó,alí,no cumio do mundo,no cumio do seu mundo.

-¿Ves aquelas árbores?-Preguntou o vello sinalando a ringleira de chopos que presidía o centro da veiga.

-¿Aquelas dalí?

-Si,esas.Pois míraas ben por-que-a-go-ra...¡van desaparecer!

-¡Pois eu aínda as vexo,hom!

-¡Boh!Eso é que non estabas concentrado.

Sempre dicía o mesmo,sempre o mesmo achaque.O das pedras estaba ben, pero despois quería superarse e estragábao.Sen embargo,logo do fracaso do vello prestidixitador non había decepción senón un par de risadas e unha partida á brisca.Avó e neto eran unlla e carne,mellor dito,non eran avó e neto,eran amigos.Aquela tarde o vello tiñalle preparada unha sorpresa ó mozo,e logo de lle encarta-la sota co as de bastos,díxolle:

-¿Entón que?,¿estás preparado para camiñar?

-¿Camiñar? -Preguntou distraído mentres alzaba.

-Camiñar,si,e non pouco.Pero xa verás cómo merece a pena.

-Acouga,vai por partes;¿a onde queres ir?

-Fíxate na Cidá,-e sinalou o monte que así se chamaba- sei dun recuncho aló arriba dende o cal habemos ver algo do que moitos teñen oído falar,pero que moi poucos tiveron a sorte de contemplar.

O rematar de dicir esto botou unha estrepitosa risada ó comprobar na faciana do

neto un profundo aire de sorpresa e curiosidade. O mozote ardía coas arelas de saber de qué se trataba. Oíra falar moito sobre aquela montaña,e ata fora alí varias veces polo sinxelo pracer de camiñar e verse rodeado de natureza. Pero polo ollar escintilante do seu avó aquilo semellaba algo insólito, o endexamais visto por case ninguén.

-Pero entón se imos,imos xa,que logo faise de noite -argumentou o neto despois de quedar absorto uns intres nos seus pensamentos.

-Non,non;á luz do día non é visible. Haberá que agardar a que anoiteza.

En canto dixo esto a emoción e as ansias de saber máis do rapaz foron medrando ó ritmo que marcaban as súas cavilacións no asunto.

-...75 e 78.¡Volvín gañar!¿Pero que che pasa, hom?¿Seica quedaches parvo?

-Parvo non,intrigado -respondeu o rapaz.

-Pois acouga,que agora mesmo imos cear e prepara-las cousas.Vai ser unha noite moi longa.

-¿Que cousas? -sorprendeuse o mozo.

-A lanterna,algo para comer,...

-¡Aaaah!

-¡Dixo o burro á mañaaá!

E riron os dous;o novo coa inquedanza da espera,o vello coa certeza de que o neto se ía sorprender,estaba seguro.

Acabaran xa de cear e o rapaz saíra para fóra.O sol xa se puxera e a escuridade comezara a inunda-lo todo co incoloro dos seus brazos.El estaba apoiado na balaustrada da terraza contemplando a única zona do firmamento que aínda posuía claridade. Máis que claridade, *roxicidade*. De rapaz sempre pensara que detrás daquel monte cara o que esvaraba o sol se agachaba, silandeiro,o seu diario asasino.Unha vez dentro,o *traidor* atacaría ó sol pola espalda e o seu sangue inundaría boa parte das paredes celestes.

-Que,¿listo para saír?-Preguntou o vello dende a porta.

-¡Listo, patrón!

-Pois logo vámonos.

E sen máis puxéronse camiño da Cidá. Rodearon o monte das Lagas para alongar un pouco máis o paseo;sería agradable camiñar xuntos e falar.A curiosidade proía cada pouco no lombo do rapaz,e coa mesma frecuencia pedía máis información sobre o que ían ver.Pero a única resposta que recibíu foi a de; "Xa o verás e non sexas pesado".O percorrido fixoselles máis curto do que ámbolos dous calcularan. O lugar estaba situado na ladeira noreste do monte, onde o terreo, cuberto de fentos e irregulares cúmulos de carqueixas, formaba unha pronunciada fendedura. Irradiaba unha grande sensación de seguridade que enchía tódolos sentidos do mozo. Dende alí arriba albiscábase o pobo case na súa totalidade,o monte das Lagas, a cercana vila da alta Limia ó fondo e, ¿como non?,a maxestuosa veiga que todo o inunda por estas terras incomprensiblemente de-

secadas. Pero o que máis lle chamou a atención foi unha ampla carballeira da que nunca antes advertira a presencia, próxima ó pé da montaña e precedida dun pequeno ermo descampado que suscitaba no mozo unha escura sensación de irrefrenable atracción.

A paisaxe dende alí vista conformaba, xunto coa tenue iluminación das farolas de sodio e do escaso luar , unha visión digna dos mellores contos de fadas xamais elucubrados. Pero aquela sobredose de beleza natural non saciaba para nada a necesidade do rapaz de toparse con algo verdadeiramente extraordinario:

-Home, esto está moi ben, pero creo que se pode ver tanto dende aquí coma dende a outra esquina do monte -obxectou-. Este sitio non ten nada de singular.

-¿Estás seguro de que non hai nada especial? -O rapaz fixo un xesto de indiferencia e o vello proseguíu -Fíxate nese terreo seco daí abaixo -e sinalou o pequeno descampado que xa antes lle chamara a atención ó mozo-. ¿Velo agora?

-Non...ou sí, espera; é coma se... coma se houbera néboa, coma se xurdira a brétema da terra, pero unha brétema de cor verdeazulada. É extraño... -o rapaz vacilou un momento e por fin preguntou -¿Que é?

-¡Son as chamas do inferno,meu neno!

E nada máis dicir esto soltou unha sonora gargallada que conmoveu ó aparvado mozo.

-Vouche contar unha historia -proseguiu o vello-. Nos anos da Guerra Civil, moitos galeguistas e republicanos foron mortos no noso país. Pois ben, este era un pobo de maioría galeguista e coa chegada dos nacionais, os que non escaparon,morreron. O finamento que aqueles desgraciados apañaron non llo desexo a ninguén; enterráronos vivos aí mesmo, nese descampado. Dende ese día, e logo de morreren afogados pola terra que os vira nacer, os días de maior bochorno do verán disque remexen os seus corpos e pola noite mostran o lume que eternamente os consome no inferno, para darlle a entender ós seus asasinos que nunca lles perdoarán aquilo.

-¡Pobres homes,vaia morte!

-¡Que pobres homes nin que historia! -apresurouse o vello-, ¡tíñano ben merecido,por herexes!

Eran ben coñecidas entre os veciños do pobo as ideas fascistas de seu avó. Ninguén ousaba levarlle a contraria,máis que nada,por respecto.Neto e avó diferían na ideoloxía política e xa discutiran outras veces sobre esto.Pero o carácter ledo e aberto de ambos facía que pouco despois da discusión estiveran de novo rindo xuntos. Agora non tiña ganas de rifar e fixo oídos xordos ás verbas do vello.O único que tiña na mente era aquela intermitente chama que xurdía do subsolo e parecía saudalo,semellaba berrar silenciosamente por el.

Era certo que aquel era o único sitio dende o que se podía contemplar tan singular e pantasmagórico espectáculo;dende calquera outro punto de vista a néboa

faríase invisible ó se confundir co pálido verdor das árbores na escuridade.

Xa de volta á casa e coa única iluminación da pequena lanterna a pilas, o avó prometeulle ó mozo que habían volver alí outra noite daquelas, coa condición de que non lle comentara nada a ninguén. O rapaz aceptou o trato. Debecía por contemplar de novo aquela *ultratúmbica* luz que exercía sobre el unha miste-misteriosa,pero excitante á vez,atracción inevitable.

Ó seguinte día,e para o seu disgusto, a mañá espertou nublada; segundo o seu avó a "chama do inferno" só se vía nos días máis calorosos, así que aquela noite non cría posible volver visita-lo lugar segredo. Logo de comer e darlle moitas voltas á cabeza decidíu coller a moto e facerlle unha furtiva visita á biblioteca. Alí tentaría encontrar máis información sobre aquel fenómeno natural (non remataba de tragar a fantasiosa explicación do seu avó, non cría que fose unha mensaxe do alén). Así o fixo, e logo dunha exhaustiva búsqueda entre os libros máis recónditos e empoados das estanterías, atopou por fin o que a súa curiosidade requería. Tratábase dun vello libro coas tapas de coiro, no que se refería ó fenómeno co nome de "fogos fatuos". O que sacou en conclusión da súa lectura foi que, e cito a *dicciónárica* definición, os lumes fatuos son leves chamaradas,de cor indefinida, producidas pola combustión dos gases desprendidos pola materia orgánica en descomposición cando as temperaturas ambientais son as propicias.

Levou unha predicible decepción ó confirmar que todo aquelo tiña tanto de máxico coma os trucos do seu avó. Pero no camiño de volta á casa, máis atento ás súas cavilacións que á conducción da moto, percatouse de que había un pequeno detalle que non cadraba dentro daquela, en principio satisfactoria, explicación química. Se como lle contara o avó aqueles homes morreran facía case setenta anos, o estado de putrefacción dos corpos sería demasiado avanzado como para que quedara materia orgánica,a non se-los ósos, polo que o único gas que exhalarían os cadáveres sería o letal e melancólico gas do recordo. Esta dedución lóxica botou pola borda, en parte, a argumentación daquel ancián fato de follas que tentara roubarlle a ilusión.

Ó chegar á casa, e por non ver nada mellor que facer ca xogar ó fútbol co seu primo pequeno,decidíu deitarse a durmir un anaco.Cando se ergueu, as súas sospeitas sobre o tempo confirmáronse;comezara a tronar e tamén a chover.Definitivamente non irían aquela noite.

A seguinte visita ó monte produciríase dous días máis tarde. Serían as dez cando se puxeron a andar. A sensación de simetría entre a imaxe que estaba a observar e a que gardaba do outro día repetíase constantemente nas súas miradas ó infindo conxunto. Logo,silencio. O resplandor do pequeno terreo inundou o ambiente de misterio. O mozo non collía en sí coa emoción. A atracción tornárase xa irresistible, necesitaba ir aló abaixo, senti-lo cheiro daquela brétema infernal.Logo duns minutos de mutis,comentou:

-Antonte fun á biblioteca para saber máis desto. Lin nun libro que, ó contrario do que dicías, eso chámase fogo fatuo. Ademais —proseguíu- todo ten unha explicación razonable.

-Non te guíes polo que che contan os libros.O que eu che dixen é certo.

-De verdade.Verás:o que pasa ahí abaixo é q...

-Non me veñas con tonterías -cortou o vello- Ás veces os libros non contan todo o que deberían contar.

O rapaz quedou cavilando uns intres e dalí a un pouco,dixo:

-Propoño que baixemos ó descampado.

-¡Non! -a negación do vello soou con severa rotundidade- Nunca vaias alí de noite. Houbo xente que entrou nel e nunca xamais saíu.

As palabras do avó acougaron os ánimos do mozo. De feito levaba razón no que dicía. Era certo que varias persoas desapareceran preto dalí ó longo das últimas décadas. O último caso fora o dun home vello do pobo. Del dicían que combatera na guerra contra a Falanxe. A súa afección á bebida fixo que a causa da morte se lle atribuíra a un ou dous vasos de máis e nin tan sequera a familia dera parte á Garda Civil. Ó home chamábanlle "O Miúdo" pola súa extrema fraqueza, consecuencia evidente do abuso do alcol.

Para o outro día ergueuse tarde. O avó e mais el non volveran falar sobre as "chamas" dende a advertencia do vello. Xa de tardiña, os dous estaban ó pé da nogueira debaixo da que acostumaban deitarse,antes de que o fusco lle gañase a batalla ó lusco.O avó rachou co palpable aburrimento dicindo:

-Hoxe é a última noite.

-¿Que queres dicir con eso?-preguntou o rapaz estrañado.

-Hoxe será o último día no que os mortos se remexan baixo a terra. Á mediodía anunciaron baixada de temperaturas a partir de mañá. Ademáis, imos entrar en setembro e non creo que volva esta calor.

-Ou sexa que hoxe hai que ir,¿non?

O vello asentíu e os dous calaron.

Máis tarde,rematada a cea, o seu avó sentíuse mal e comezou a doerlle o estómago.

-Síntoo,-dixo dirixíndose ó neto mentres remexía con forza unha aspirina-creo que non vou poder ir.

-Pois eu vou igual -refunfuñou o mozo.

-¡Diso nada! -prohibíu o avó- Non te deixarei ir a ti só aló arriba. Poderíache pasar algo e a responsabilidade sería miña.

Os dous calaron,e cando rematou de toma-la pastilla,díxolle ó neto:

-Ben,eu voume deitar.Pecha a porta cando vaias á cama.

O rapaz estivo sentado ata que oíu que a porta da habitación se fechaba. Esperou cinco minutos e,en silencio, púxose de camiño. Non estaba disposto a perde-la oportunidade de esclarecer aquilo. O camiño non ofreceu complicación alguna e pronto chegou ó agarimoso recuncho da montaña.Unha vez alí, e logo

da inspección visual de costume, fixou a súa atención no ermo. Entón volveu sentir a ansia por ir alí,a fervorosa atracción que o inducía a baixar. Comezoulle a remoer no maxín o que días atrás deducira; aquilo que estaba a ollar non tiña sentido se lle facía caso ó vello libro, e aínda menos se se guiaba pola inxenua explicación do avó. Así que para atoparlle unha solución lóxica ó siloxismo pensou que o mellor sería ir abaixo e buscar alí a verdade. Descendeu o monte como puido a través da mesta vexetación. Máis dunha vez rascou a cara e as mans contra as altas toxeiras. Non importaba, movíao unha forza superior a el. Cando chegou estivo un anaco misturándose con aquel aire de cheiro abafante,camiñando dun lado ó outro por riba daqueles non máis de vintecinco metros cadrados de misterio.

Pero pronto a súa curiosidade trazou listóns máis altos e, logo de respirar fondo por última vez, volveu rapidamente á casa. Unha vez alí, silandeiro para que ninguén o oíra, entrou no alpendre e armouse de pico e pa . Logo dirixíuse de novo ó descampado empuxado polas ganas de esclarecer aquel misterio dunha vez por todas.

Ó chegar, e logo de descansar un pouco, decatouse de que o medo se comezaba a apoderar del. Por algunha estraña razón non o sentira ata entón. Quizáis era unha advertencia dalgo ou dalguén, pero se así fose, el non a ía escoitar. A súa curiosidade de novo era máis forte que calquera outra cousa. Pronto se puxo a sachar. Canto máis cavaba máis insoportable se ía facendo o cheiro e máis densa a brétema verdeazulada. O medo pareceu agora disiparse por completo e tan só importaba cavar ata dar con algo. A terra íase facendo máis e máis solta, cada palada era menos pesada cá anterior. Levaría preto dunha hora escavando cando, de súpeto, a pa cravouse nalgo coma un coitelo se funde na manteiga. Arrancouna con coidado e arroxouna fóra do foxo, agachouse e comezou a apartar lodo coas mans. Máis dunha vez notou como a man dereita se lle afundía nalgo viscoso e fedorento. En canto víu e recoñeceu o que alí estaba, o único que puido articular foi un inocente salaio;era o pútrido cadáver do "Miúdo". Non enentendía cómo puidera chegar ata alí, non entendía nada. Mellor dito, agora entendíao todo; tódolos desaparecidos ó longo dos anos foran enterrados alí, por eso do subsolo seguían a emerxe-los gases dos corpos. Agora si tiña verdadeiramente medo, así que se apresurou a saír do foxo e... ¡pun! Un golpe seco coa pá tirouno para atrás e deixouno sen coñecemento.

-Desta volta non me fará falta a *maxia* para facerte desaparecer.Agora tócache reunirte cos da túa calaña, ¡roxo de merda! ¡¡Arriba Franco e viva España!!-e sen máis púxose a tapa-lo buraco co corpo do xoven dentro.